



FOGAR VIVO



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

PROGRAMA FOGAR VIVO

- Obxectivo
- Requisitos das vivendas
- Axuda para adecuación e reparación das vivendas
- Axuda complementaria
- Actuacións subvencionables coas axudas de adecuación e reparación
- Axuda para o pago dos seguros
- Inquilinos
- Beneficios fiscais
- Que debo fazer?

FOGAR VIVO

Obxectivo

O programa Fogar Vivo ten como obxectivo axudar aos propietarios de vivendas baleiras a poñelas no mercado de alugueiro, a prezo regulado, con axudas para a adecuación e reparación das vivendas e para o pagamento dos seguros de impago e multirrisco do fogar.

O programa ten vantaxes tanto para os futuros inquilinos das vivendas (prezo regulado) como para os propietarios (axudas).

Requisitos das vivendas

- ▶ Estar situadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ▶ Ser de titularidade privada e non estar suxeitas a ningún réxime de protección pública.
- ▶ Reunir as condicións adecuadas de habitabilidade e mantemento no momento de ofrecerse en alugamento.
- ▶ Non ter sido arrendadas durante os tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude da/s axuda/s. Non estar afectada por algunha circunstancia xurídica que impida o seu alugamento.

Axuda para adecuación e reparación da vivenda

Ata 11.000 € de importe máximo.

O importe da axuda depende do investimento e estrutúrase da seguinte maneira:

- **Axuda base:** 6.250 € de investimento



+ **Axuda:** 80 % do importe

+ **Importe máximo da axuda:** 5.000 €

- **Axuda complementaria:** Importe do investimento que supere os 6.250 €



+ **Axuda:** 20 % do importe

+ **Importe máximo da axuda:** 6.000 €

Poderanse conceder anticipos coas seguintes condicións:

- a) Que o importe non supere o 80% do total da axuda.
- b) Que se destinen exclusivamente a cubrir gastos da actuación obxecto da subvencións e se xustifiquen adecuadamente.

Axuda vinculada



Axuda de 2.000 € cando os inquilinos sexan menores de 36 anos, persoas con fillos menores a cargo ou familias con dependentes con grado de discapacidade recoñecido. Esta axuda destinase únicamente a vivendas para as que se solicitase o obtivese a axuda de mellora ou rehabilitación da vivenda.

Actuacións subvencionables coas axudas de adecuación e reparación:

- a) Obras de conservación e mantemento.
- b) Obras de rehabilitación precisas para garantir a habitabilidade da vivenda, así como as obras necesarias para o correcto funcionamento das súas instalacións e/ou para a súa adaptación á normativa vixente.
- c) Axustes na distribución interior da vivenda.
- d) Adquisición e colocación de mobiliario de cociña, así como dos seguintes electrodomésticos: neveira, cociña, forno, lavavaixelas e campá extractora.
- e) Cambio de sanitarios, lavadoras, bañeira e anteparos.

Axuda para o pago dos seguros

- De impago
- Multirrisco do fogar



Importe

3.000 € para os cinco anos do contrato (sete anos no caso de persoas xurídicas).



Inquilinos

- ▶ Compatible coas axudas ao alugueiro.
- ▶ Prezo máximo do alugueiro limitado ao importe medio no concello en que se empraza a vivenda.

No cadro indícase a renda máxima o primeiro ano do contrato. A actualización realizarase conforme ao previsto na lexislación de arrendamentos urbanos.



Zona Territorial	Importe máximo da renda mensual de alugamento (euros)	Concellos
Zona 1	700	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra.
Zona 2	650	Ferrol, Ames, Oleiros, Cambre, Culleredo. Lugo. Ourense. Baiona, Nigrán, Sanxenxo, e Vilagarcía de Arousa.
Zona 3	600	Arteixo, Carballo, Narón, Ribeira e Sada. A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela, Mos, Poio.
Zona 4	550	Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Orosa, Padrón, Pontedeume, e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, Barbadás, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, Illa de Arousa, Moaña, Pontecesures, Tui, e Vilanova de Arousa.
Zona 5	450	O resto dos concellos de Galicia.



Beneficios fiscais

► Para a adecuación do inmoble baleiro para destinalo a arrendamento:

Unha dedución do 15% das cantidades satisfeitas, polas obras de reparación e conservación ou calquera outro gasto necesario para que un inmoble se atope en condicións de ser arrendado como vivenda, incluída a obtención do certificado de eficiencia enerxética e a formalización do contrato de arrendamento. A base máxima da dedución será de 9.000 € por vivenda.

► Para o alugamento de vivendas baleiras:


Unha dedución para os propietarios ou usufrutuarios das vivendas de 500 € por vivenda da cota íntegra autonómica do primeiro período impositivo en que se poña en arrendamento dita vivenda.

Máis información: Axencia Tributaria de Galicia (www.atriga.gal)

Que debo facer?

Presentar a solicitude, preferentemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (no caso de persoas xurídicas e os seus representantes é obligatoria a presentación electrónica).

Código de procedemento: VI426F



Prazo de presentación de solicitudes

Do 18/07/2025 ao 30/10/2025

igvs.xunta.gal



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO